

Unha nova xeneración, disposta a seguir os vieiros marcados polos mestres

Victoria Armesto

O principal propósito da revista «Nós» era acadar que Galiza fose comprendida polos galegos. «Na nosa terra —dicía Risco— podese ser mestre, bachiller, profesor, médico, funcionario, maxistrado, coengo, bispo, obter os máis outos grados e os máis outos carregos sin saber ren de Galicia. O Estado concede gratuitamente o dereito de ñoralá.»

Aquil amor á terra misturábase co amor á lingua do pobo. «O problema do idioma en Galiza —dicía Castelao— é pois un problema de diñidade e de liberdade pero, máis que nada, é un problema de cultura.»

No editorial do primeiro número Risco escribiu: «Con tal de que poñan por riba de todo o desexo colectivo de superación, os colaboradores de Nós poden ser politicamente o que lles pte...»

Na páxina seguinte Cuevillas afirmaba: «Eu creo no triunfo do socialismo, porque creo que a sociedade humana é un organismo vivo, suxeto a leis biolóxicas parecidas ás que rixen o desenvolvemento dunha planta ou dunha besta». Arturo Noguero, no primeiro número dicía o contrario: Non creo que o socialismo nin o anarquismo sexan a solución do problema social, as teorías de Marx son vellas e equivocadas.»

Non hai pois unha ideoloxía común da xeneración Nós, mais en xeneral, pode dicirse que nela alentaba o vello liberalismo finisecular e que, por enriba de todo, puñan a liberdade individual.

Polo que se refire a España, eles sentían e lamentaban a decadencia mais tiñan confianza nun rexurdir no que Galiza tería o papel que xa lle profetizara o vate Pondal:

«A luz virá pra a caduca Iberia dos fillos de Breogán».

Nada máis inxusto que a acusación de separatismo que lle foi feita polos seus inimigos á xeneración galega Nós. «Cremos —dixo Castelao— que o separatismo é unha idea anacrónica e soamente a disculpamos como un movemento de desesperación... non intentamos tronzar a solidariedade dos pobos españoles —reforzada por unha convivencia de séculos— senón máis ben posibilitar a construción da gran unidade ibérica.»

Ista foi a posición de Castelao ate o



Unha nova xeneración naceu a pesares da diáspora da vella. Na foto, cansa onde morou Castelao en Buenos Aires

ano 1940 en que novas circunstancias forzánlle a radicalizarse.

Non teño tempo pra tratar de todos os aspectos e suxerencias da fascinante xeneración Nós mais hai dous puntos que deben quedar ben craros.

Un é o magno propósito que eles tiñan de vencellar a cultura galega coa europea. Foron eles os primeiros que colectivamente sentiron o anxeio de ligar novamente Galicia coas nacións celtas; o vencello das «sete irmáns» da canción que daquela recitaban os estudantes:

«Ei, Armórica, Cornubia e Cambria Escocia, Man, Galecia, Irlanda...»

Istas son as sete nacións celtas: Armórica e Bretaña, Cornubia e Cornualles, Cambria e Umbría, Escocia, Irlanda, Galicia e a Illa de Man.

Alfonso Castelao fai unha viaxe a Bretaña pra estudar os cruceiros. Vicente Risco olla encandilado pra a Mitteleuropa. Ramón Otero traduce ao galego o Ulisses de Joyce. O número 18 de Nós está adicado á loita de Irlanda cos retratos de De Valera e de Mac

Swynwy e a epopeya da independencia gabada por Cabanillas:

Irlanda, Irlanda irmán ten unha nova estrela o noso ceo e ten uns santos novos noso altar.

Escritores bretóns como Nazariat mandaban artigos a Nós.

Vencellada coa cultura europea a xeneración Nós alónxase da literatura que gusta no resto de España. Son os tempos en que os españoles viven baixo a seducción de Ortega y Gasset e baixo a admiración dos homes do 98.

Nin a Xeneración do 98 nin Ortega exercen influxo sobre a Xeneración Nós. O único escritor español que lles interesa é Ganivet.

Os mestres literarios da xeneración «Nós» son Ruskin, Carlyle, Edgard Allan Poe, os poetas malditos franceses e ademais Huysman, Rachilde, Maeterlinck, Ibsen, D'Annunzio, Nietzsche, o conde de Lautremont, Omar Khaiyam, Tagore, Ganivet, Eça de Queiroz, Eugenio de Castro, James Joyce, Maragall, Xenius, Ruben Darío e Leopoldo Lugones.

Outro punto clave é o fervente desexo da xeneración Nós de vencellar no-

vamente Galiza con Portugal. Xa no número 1 da revista publican unha poesía de Teixeira de Pascoaes.

Teixeira de Pascoaes era un fidalgo de Amarante, home moi culto que agusou xuntanzas literarias galego-portuguesas no seu pazo, era moi amigo do voso e noso poeta Francisco Luis Bernárdez.

A xeneración Nós estivo moi influída polo filósofo Leonardo de Coimbra, que tamén escribía para a revista.

O vencellamento con Portugal foi fundamental na historia da renascencia galega pois a través dos portugueses atopamos o tesouro perdido.

Galiza tivo grandes traxedias históricas, non foi a máis pequena a de perder a súa poesía medieval —o que pode ser tamén unha explicación do noso abafamento literario.

Sabiase, pola longa carta do marqués de Santillana e por outros documentos, que Galiza tivera nos tempos medievais grandes poetas, ¿mais onde estaban as súas obras?

E velahí que xurde a xeneración Nós no preciso intre en que pola vía de Portugal descubrense en Galiza os cancioneros galego-portugueses, o da Vaticana, o de Axuda, o de Colocci-Brancutti...

Iste descubrimento redime a lingua galega dexenerada pola incultura de séculos é que pronto atopa a gracia priscina.

E a xeneración Nós quen primeiro bebe naquela fonte poética medieval. Aos cancioneros débese que o galego empregado pola xeneración Nós sexa moi superior ao galego empregado polos precusores.

Cincoenta anos despois da fundación da revista Nós, xa non viven os máis daqueles homes esgrevios, Alfonso Castelao, Lousada Diéguez, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Florentino Cuevillas morreron...

Aínda está con nós, pra nosa ledicia e pra gloria da nosa cultura, don Ramón Otero Pedrayo...

Hoxe podemos decirlle a don Ramón que nin os traballos, nin os sacrificios, nin a door da súa vida e da vida dos devanceiros foron estériles.

Hoxe vemos xurdir unha nova e fervente xeneración galega disposta a seguir os vieiros marcados polos mestres da nosa inmortente cultura.»

A VIDA DOS PEREGRINOS
POLO CAMIÑO DE SANTIAGO
Barret - Gurgand

LA AVENTURA DEL
CAMINO DE SANTIAGO
Barret - Gurgand

HISTORIAS DE COMPOSTELA
J. Filgueira Valverde

Prisciliano, Xelmírez, Otero Pedrayo: EUROPA E NOSA. Compostela, 1986.

edicións xerais de galicia

Doctor Marañón, 10 VIGO-11 (Pontevedra)